



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AUTOESTRADAS DE GALICIA, AUTOPISTAS DE GALICIA, CONCESIONARIA DA XUNTA DE GALICIA SA, POLA QUE SE REGULA A BONIFICACIÓN DA PEAXE DAS AUTOESTRADAS A CORUÑA-CARBALLO (AG-55) E PUXEIROS-VAL MIÑOR (AG-57).

1.- Antecedentes.

A Xunta de Galicia é titular das autoestradas de peaxe A Coruña - Carballo (AG-55) e Puxeiros - Val Miñor (AG-57), que teñen o seu percorrido dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A explotación destas autoestradas corresponde a Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, SA. (a "sociedade concesionaria") en virtude da concesión administrativa para a construción, conservación e explotación das autoestradas de peaxe A Coruña -Carballo (AG-55) e Puxeiros - Val Miñor (AG-57), adxudicada a súa promotora por Decreto 23/1995, do 20 de xaneiro.

Con data 14.04.2010 A Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, concesionaria de la Xunta de Galicia, S.A. asinaron un convenio para a aplicación de bonificacións selectivas das peaxes vixentes nas autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57) e o pago pola Xunta de Galicia á sociedade concesionaria dos importes que se deriven desta medida.

Con data 1 de xaneiro de 2020, asinouse un novo convenio co obxecto de dar continuidade ás bonificacións reguladas ata o 31 de decembro de 2023.

2.- Razóns de oportunidade.

No contexto social actual e coa evolución do IPC considerase de interese público manter a vixencia dos tres tipos de bonificacións da peaxe: por frecuencia de uso, por treito horario de uso e para familias numerosas de Galicia e conxelar a suba das peaxes durante o ano 2024 .

As medidas previstas para regular a limitación das peaxes que pagarán os usuarios contribuirá a contrarrestar os efectos da crise e incrementar a competitividade. Así



mesmo, trátase dunha acción que mellorará o funcionamento da rede de infraestruturas de transporte.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en sete millóns novecentos senta e cinco mil euros 7.965.000,00 con cargo á partida 08.A1.512B.470.0, código de proxecto 2010-00340 distribuído nas seguintes anualidades:

Ano	Importe €
2024	4.365.000,00
2025	1.700.000,00
2026	1.900.000,00

4.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Todas as circunstancias expresadas determinan que, a xuízo deste órgano de xestión, procede a sinatura do convenio con Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia SA.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega
de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

